


PATRIMONIO E IDENTIDADE





INICIO

As **FICHAS DE PATRIMONIO** que vos presentamos, e que son a base do programa formativo "**O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos**", están deseñadas para traballar co voso alumnado diversos aspectos relacionados co patrimonio cultural da ruta xacobeá.

Cada unha das fichas ordénase nunha secuencia semellante á que se establece nas etapas do Camiño. As conclusións extraídas co traballo de cada unha delas serán abertas e susceptibles de relacionarse coas elaboradas para outros contidos temáticos.

Non son un "manual de instrucións" senón que presentan unha serie de pautas para que os docentes poidades tomar o que máis vos conveña en función das características e intereses do grupo ao que vos dirixides.

Estrutúranse do seguinte xeito:

→ Nun primeiro momento, e a xeito de treboada de ideas, plantexámosvos unha serie de ítems que o docente pode adaptar ás necesidades educativas da aula. Non se trata de que o alumnado dea unha resposta única a cada unha das cuestións, senón que se chegue, dentro da clase, a respostas globais que se debatan entre diferentes grupos flexibles organizados polo profesor.

→ Tras a posta en común sobre as respostas ás cuestións plantexadas, no apartado **PROPOÑEMOS** o profesor atopará unha serie de actividades realizables dentro e fóra da aula que completen os coñecementos adquiridos.

O plantexamento, tanto de ítems como de actividades, responde aos principios de interdisciplinaridade e aprendizaxe colaborativa. Poderán secuenciarse nas programacións da aula, constituíndo unha xornada final de traballo naquelas unidades didácticas nas que se aluda aos contidos teóricos que explican o Camiño de Santiago nas diferentes materias do currículo.

O obxectivo final do traballo cos materiais que aquí presentamos será a elaboración dun traballo de creación artística sobre o Camiño de Santiago.

Bo Camiño

Un dos aspectos relevantes do patrimonio cultural que destacamos con anterioridade é a súa importancia para identificarnos. Polo tanto, nestas etapas que abordamos imos traballar esta idea e descubrir como hai **elementos do patrimonio nos que as sociedades nos recoñecemos**.

Ao tempo, tamén trataremos o tema da identidade co **patrimonio desde a perspectiva de transmisión duns valores que forman parte da nosa identificación como persoas**, o que nos fai ter a nosa propia conciencia a respecto de nós mesmos.

COMO NOS VEN OS DEMAIS... polo noso patrimonio

A identidade é o conxunto de aqueles trazos propios que nos caracterizan fronte aos demais. Estes trazos fan que sexa sinxelo para nós diferenciar entre o que vemos. As características propias de cada persoa ou obxecto son o que fai que os recoñezamos.

Partamos dunha dinámica sinxela para entender como o patrimonio, neste caso o arquitectónico, é un medio que nos serve para distinguir.

Este tipo patrimonio adoita ter unha localización determinada. Amosa ao alumnado unha serie de edificios e monumentos. Escollede aqueles moi coñecidos a nivel mundial, nivel europeo, nivel nacional e finalmente a nivel autonómico, provincial e local.

Ademais de elementos patrimoniais tanxibles como monumentos, tamén podeades elixir outros de distinto tipo que coñecemos con anterioridade, como aqueles relacionados co patrimonio inmaterial: festas, alimentos ou costumes que podemos asociar rapidamente cunha cultura. Nalgunhas ocasións poden ser compartidos por varios países ou Comunidades Autónomas, como determinados elementos que xa vimos.

Lembran cales eran?


Na maioría dos casos, estes elementos patrimoniais teñen un uso determinado, non se construíron ou crearon para chamar a atención. Mais hoxe en día, independentes ou en conxunto, son o reflexo da cultura dun país e serven para que outros nos identifiquen como pobo. Do mesmo xeito, é a identificación co noso patrimonio cultural o que nos permite ser o pobo que somos.

Que elementos patrimoniais cre o voso grupo que son os que representan a súa localidade?

Con anterioridade xa vos pedimos que elixisen o que os identifica,
mais coincidiría co que ten máis fama fóra ou co que coñecen as persoas que non son da vosa localidade?

Propoñemos I: En ocasións, podemos imaxinar unha cousa e despois estar equivocados...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...



O Camiño de Santiago tamén ten unha serie de símbolos que o identifican.

Saberían recoñecer que elementos son identificativos e intrinsecamente ligados a el?

Estamos seguros de que algúns dos máis representativos son coñecidos polo alumnado, como por exemplo:

Vieiras / Frechas amarelas / Peregrinos / A Cruz de Santiago /
Bastón cunha cabaza / Credencial do peregrino / A Compostela /
O abrazo ao Apóstolo / Botafumeiro / Ano Xacobeo / ...

Enumeraron algún outro ademais dos que comentamos?

A identificación con elementos concretos vén dada moitas veces pola experiencia persoal e pode non coincidir co «típico» que todo o mundo coñece: cando mellor coñeces algo, afástaste máis dos tópicos.

**Saben o que é un tópico? Coñecen os tópicos asociados a España ou outros países?
Que tópicos relacionan co Camiño?**

Isto pasa tamén cando coñecemos alguén en profundidade e non polo que din del/dela.

Pasoulles algunha vez?

E sobre a súa localidade, existen moitos tópicos? Por que pode ser?

De entre todos os elementos representativos do Camiño, convidámosvos a descubrir en grupo, polo medio que eles/as elixan, aqueles que fosen descoñecidos para vós.

**Propoñemos II: Se o primeiro que pensastes
ao achegarvos ao Camiño é en vieiras e
frechas amarelas...**

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

O que indicou o grupo sobre o que os identifica son referentes culturais e témolos todas as sociedades. Se non temos estes referentes, non sabemos nada do noso pasado, e sen pasado seríamos persoas sen identidade. Aquelas persoas que perden a memoria por un accidente e non saben nada sobre elas propias comezan unha procura para saber quen son, de onde veñen.

O mesmo ocorre co patrimonio, permítenos saber de onde vimos, quen somos.
Todo o patrimonio forma o que somos e, sen pasado, non podemos avanzar cara o futuro.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e memoria")

Se algún alumno/a non é natural da vosa localidade, pedídlle que describa ao resto que lembra da súa localidade natal. Que elementos destaca sobre os demais?

Lembrádelles que o patrimonio non só son os monumentos máis importantes de cada localidade: os elementos do patrimonio inmaterial, como festas e gastronomía, son formas identificativas primordiais.

**O patrimonio cultural relaciónanos a todos/as co lugar onde nacemos e fomos criados:
vincúlanos co noso fogar, coas nosas lembranzas.**

Propoñemos III: O patrimonio arquitectónico relacionado co Camiño de Santiago é un dos seus elementos máis significativos...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

É importante que o alumnado entenda que, en moitos casos, este patrimonio que nos identifica co exterior é aquel que nós mesmos decidimos exportar, sendo aquilo que en sociedade acordamos que é o máis extraordinario e simbólico da nosa cultura e merece ser coñecido por outros/as.

Esa relevancia que lle damos entre nós fai que sexa necesario conservalo e protexelo e, ao tempo, divulgalo, para que xeracións futuras o coñezan e

respecten, evitando que algo valioso acabe coñecéndose mellor no exterior ou non sexa respectado por nós mesmos. Por iso, aquelas sociedades que non recoñecen o seu patrimonio, que non o protexen e valoran, acaban perdendo a súa identidade.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e conservacio")

Propoñemos IV: Coñeces ben a túa localidade? Como che gustaría que fose?...


Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Unha vez visto que o patrimonio nos identifica no exterior, concluíamos sinalando que tamén nos identifica doutro xeito, **interiormente**. Os elementos patrimoniais nos que os individuos nos recoñecemos acaban formando parte da nosa personalidade, o que constitúe a cada un.

Os lugares onde nos imos desenvolvendo como persoas conforman a base de toda a nosa conciencia moral, intelectual e espiritual. Esa toma de conciencia a respecto do que somos cada un/unha créase co patrimonio que nos rodea. Lembra que xa traballamos que o patrimonio está conformado por moitos elementos.

Se cadra, agora a idea que formula a «Ficha patrimonio e conservación» comeza a ter outro significado e podemos decatarnos de que preservar o noso patrimonio «non só é protexer obxectos valiosos», senón defender a nosa propia esencia.

Por iso, traballar desde idades iniciais o coñecemento do patrimonio e o seu valor, non só material, lévanos a crer e defender o que somos, protexendo a nosa cultura e os valores que transmite, porque **o patrimonio tamén transmite valores**. Imos descubri-lo.



O PATRIMONIO... únenos

Vimos como o patrimonio nos identifica e serve para diferenciarnos dos demais, mais sobre todo únenos. Como é isto posible se cada grupo ou comunidade ten o seu propio patrimonio cultural polo que nos diferenciamos?

Porque precisamente o patrimonio cultural nos une desde a súa diversidade.

O descubrimento dos elementos patrimoniais identitarios das comunidades da nosa contorna contribúe ao diálogo entre culturas e promove o respecto cara os demais, levándonos a compartir unha serie de valores e sentimentos con outros individuos, favorecendo as relacións entre persoas, é dicir, a súa unión.

Cada elemento do patrimonio que descubrimos, dada a diversidade existente, demostranos que non somos únicos no mundo e nada nos dá dereito a considerarnos mellores. Aprender a **valorar o patrimonio alleo** é tan importante como **valorar o patrimonio propio**. Promover no voso grupo o respecto, a admiración, a tolerancia e a solidariedade entre culturas a través do coñecemento do patrimonio será parte importante do voso labor como docentes.

Estas oportunidades educativas que ofrece o patrimonio cultural levaron ao Parlamento Europeo e ao Consello da Unión Europea a declarar o 2018 **Ano Europeo do Patrimonio Cultural**, cos obxectivos de:

- fomentar o intercambio e a valoración do patrimonio cultural de Europa;
- sensibilizar acerca da historia e os valores comúns;
- reforzar un sentimento de pertenza a un espazo común europeo.



<https://www.mecd.gob.es/cultura/mc/a-europeo-patrimonio-cultural/presentacion.html>

Podería dicir o grupo algún elemento patrimonial que considere que nos une a todos os europeos a través da nosa historia e valores comúns?

O **Camiño de Santiago** é un magnífico exemplo.

Foi considerado o **primeiro Itinerario Cultural certificado en 1987 polo Consello de Europa**. Este distintivo tan importante outórgase a aquelas rutas, percorridos e traxectos que aglutinen unha serie de valores.

Os **Itinerarios Culturais Europeos** son unha iniciativa do Consello de Europa que pretende crear un vínculo entre a cidadanía de Europa e o patrimonio cultural.

Do Camiño de Santiago, o Consello de Europa recoñeceu:

«Durante séculos, os peregrinos puideron descubrir novas tradicións, novas linguaxes e novos estilos de vida e regresaron á casa cunha rica identidade cultural, un fenómeno raro nun momento en que as viaxes de longa distancia expuñan o viaxeiro a grandes perigos. As Rutas do Camiño de Santiago serven como símbolo que reflicte case mil anos de historia europea e serve como modelo de cooperación cultural para toda Europa».

E é que, tal e como vimos, o patrimonio nos afecta como persoas e ten valores que forxan a nosa personalidade, transmitindo unhas cualidades que poden chegar a transformar a nosa sociedade.

Podedes coñecer máis sobre os Itinerarios Culturais Europeos neste enlace:

<https://www.coe.int/es/web/cultural-routes/all-cultural-routes>

**Que valores pensan que transmite o voso patrimonio máis arraigado?
En que se basean para afirmalo?**

Respecto / Xustiza / Tolerancia / Honestidade / Responsabilidade / Compromiso?

Moitos deles están intimamente relacionados.

Neste enlace do MECD preséntase o Ano Europeo do Patrimonio Cultural 2018 e ofrécense unha serie de valores e ideas sobre que o patrimonio cultural dá á sociedade:

<https://www.youtube.com/watch?v=55qEiEBpUtl>

Coincidiron coas vosas?

Imos realizar un exercicio moi sinxelo para ver que tipo de valores nos dá un patrimonio cultural moi común:
a cociña tradicional.

Seguro que hai receitas tradicionais que o alumnado coñece mais que non sabe elaborar. A cociña tradicional é un dos aspectos patrimoniais identitarios máis representativos.

Propoñede que pasen unha tarde con algún familiar que saiba elaborar unha receita da súa contorna que lles guste para aprenderen a cociñala. Ademais de practicar a súa elaboración e gozar coméndoas, que valores cren que aprenderon?

Quen lles ensina, non só transmite cultura, tamén lles ensina un xeito de facer as cousas, de vivir e de gozar, un estilo de vida saudable, a expresar o que senten cara as persoas para quen cociñan, que o feito de cociñar é compartir ou que consumir os alimentos do lugar é contribuír a facer un mundo máis sostible, etc.

Se se animan a levalo á práctica, poden documentar todo o proceso e compartilo na aula.

Co que coñecen, que valores cren que transmite o Camiño de Santiago?

Presentámosvos varios exemplos de civismo, aínda que agardamos que co que xa sabe o voso alumnado sobre o Camiño xurdan moitos máis:

- camiñar moitas horas implica convivir con outras persoas descoñecidas que tamén fan a ruta, o que pode dar lugar a longas conversas e mesmo desembocar en amizade. Polo tanto, débese ser educado e solidario, prestando axuda no que precisen.
- moitos peregrinos rematan a súa etapa nas mesmas localidades, descansando nos albergues públicos, que teñen prazas limitadas. Neles, as camas asígnanse por estrita orde de chegada, respectando estas normas: teñen prioridade os peregrinos

con limitacións físicas, a continuación os peregrinos a pé, despois os que fan o camiño a cabalo, despois os que o fan en bicicleta e finalmente os que teñan coche de apoio.

- o comportamento nos albergues debe ser cordial e respectuoso coas instalacións. Os voluntarios que alí traballan (hospitaleiros, propietarios, etc.) son tamén peregrinos, non empregados, que desinteresadamente colaboran en múltiples labores: limpeza, cociña, primeiros auxilios, etc.
- procúrase non deixar lixo pola ruta, polo que moitos/as levan bolsas para depositar os residuos acumulados durante a etapa.

Xa dixemos que o Camiño de Santiago é un Itinerario Cultural Europeo. En 2018, as institucións europeas declararon o Ano Europeo do Patrimonio Cultural, para lembrar e potenciar o **sentimento de pertenza** a un espazo común europeo, desde o respecto á diversidade cultural dos pobos que a conforman, a través do noso patrimonio cultural.

Lembrede que percorre toda Europa coas súas decenas de puntos de partida.

(Descubre máis na "Ficha O Camiño de Santiago")

Propoñemos V: «Europa naceu na peregrinación»,
e non o dicimos nós...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Conforme nos desenvolvemos como persoas, imos tomando conciencia da nosa pertenza a un grupo máis amplo. É importante que os nosos/as mozos e mozas se sintan parte dun todo máis grande, non só por necesidade social, senón porque tamén nos fai sentir máis seguros fronte aos desafíos da vida.

Ese grupo ao que pertencemos ten uns trazos, unhas particularidades e cualidades propias (que se forman tamén co patrimonio) que forxan vínculos afectivos entre os membros, fai que adoptemos e respectemos unhas normas e regras de convivencia, e xera un sentimento de solidariedade co resto de membros do grupo.

Polo tanto, do sentimento de pertenza chegamos á identificación cun grupo social e, o que é máis importante, á participación nese grupo. Unha vez que nos identificamos con algo e que o sentimos propio, tomamos partido por iso, facéndonos cidadáns activos.

Realizar o Camiño de Santiago fai que o sintamos como algo propio e que nos identifiquemos con el, non só a nivel local, senón a nivel global. As miles de persoas de diferentes países que o percorren aprenden que valores transmite e séntense parte dunha grande familia. Vivilo sérvenos para comprender que significa e iso ides dalo a coñecer cos vosos traballos.

O **sentido de participación e socialización** progresiva coas idades que estades a traballar, ás que vai dirixido este programa formativo, é fundamental para sentar as bases da cidadanía responsable.

A participación da xuventude en proxectos culturais da súa contorna contribúe a:

- darlles voz coa súa propia visión, ás veces tan diferente da nosa como docentes, concedéndolles protagonismo.
- vincularlos con outras persoas alleas á súa contorna que perseguen o mesmo.
- xerar espazos de debate e consenso que poden chegar a mudar as cousas.
- crear un compromiso coa súa contorna e promover a empatía cara problemas alleos.

Con este sentido de participación, a mocidade achégase a esquemas éticos, de comportamento e culturais que xeran a súa personalidade e modulan a súa **identidade**.

PROPOÑEMOS

As propostas que presentamos a continuación son actividades de motivación orientadas a complementar as competencias e os contidos do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, dentro do obxectivo que se marca o programa formativo «O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos». Nesta ficha incluimos propostas para:



XEOGRAFÍA



LINGUA



IDIOMAS



CIENCIAS



HISTORIA

Proposta I: Tecnoloxías da información e a comunicación

En ocasións, podemos imaxinar unha cousa e despois estar equivocados... Cremos que nos recoñecen por uns motivos e non é certo, se cadra por descoñecemento dos que veñen de fóra sobre a nosa localidade ou porque nos coñecen por estereotipos. Para saír de dúbidas, suxerímosvos que o alumnado realice unha busca por diversos medios sobre aquilo que a xente coñece da súa localidade e que debatan sobre se se axusta a aquilo co que eles se identifican. Coincide co que pensaban? Cal pode ser o motivo?

Outra opción que propomos é contactar con outro centro educativo dunha provincia afastada e presentarlles un cuestionario sobre como nos ven e que coñecen de nós. No programa formativo «O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos» inscribíronse centros de outras provincias, podedes ver quen son na web e contactar facilmente con eles/as para intercambiar cuestionarios.

Este cuestionario é tamén unha oportunidade para traballar dous aspectos interesantes: como realizar un cuestionario por parte do grupo ou o tema da avaliación dentro dun proxecto como apartado fundamental do proceso de aprendizaxe.

- **Cuestionario:** Que queremos saber? A quen vai dirixido? Que preguntas son as axeitadas? Preguntas pechadas ou abertas? Un bo deseño para non resultar pesado?
- **Avaliación:** Coas respostas obtidas, cumprimos cos obxectivos formulados? Fallamos en algo?

Proposta final. E se o enviamos a un centro educativo estranxeiro? Atrevédesvos a coñecer como vos ven e que coñecen de vós alumnos/as da vosa idade doutros países?

Podedes escoller algunha das linguas estranxeiras que se impartan no centro e practicar o voso nivel.

Despois de desenvolver a proposta, con que elementos da súa contorna se sente identificado o grupo? Coincide co percibido desde o exterior?

Proposta II: Astronomía

Se o primeiro que pensastes ao achegarvos ao Camiño é en vieiras e frechas amarelas... e en peregrinos, propómosvos que alcedes a vista cara o ceo.

Imos falar doutro elemento asociado ao Camiño de Santiago: as estrelas. Por iso tamén é coñecido desde as súas orixes como O Camiño das Estrelas.

Desde a Idade Media, o Camiño de Santiago foi unha das principais vías de peregrinación, xunto con Xerusalén e Roma. Os peregrinos que desde todas partes de Europa ían a Santiago usaban a posición da Vía Láctea como referencia para seguiren o camiño e chegar á tumba do Apóstolo, ata «*Finis Terrae*», a fin do Mundo.

Mais, en realidade, o Camiño de Santiago que cruza España de Leste a Oeste non segue a Vía Láctea de xeito concreto como se fose unha proxección do percorrido no ceo, aínda que si aparece debaixo dun tramo. A asociación é parte da lenda.

Esta tradición de ver un auténtico mapa no ceo cimentouse en varios feitos:

- segundo a tradición, un regueiro de estrelas axudou a localizar a tumba de Santiago.
- o propio nome da cidade de Compostela asóciase popularmente a «*Campus Stellae*», campos de estrelas.
- tamén axudou a fortalecer a lenda o que se pode ler no Códice Calixtino (Libro IV): o Apóstolo apareceuse a Carlomagno (un dos promotores da ruta) sinalándolle a Vía Láctea como guía para chegar ata Compostela e ao lugar onde estaba soterrado. **(Descubre máis na “Ficha patrimonio e memoria”)**

A Vía Láctea, coa súa imponente imaxe no ceo nunha noite tranquila, inspirou numerosas lendas en moitas outras culturas ao longo da historia.

Estas e outras lendas do Camiño de Santiago tratarémolas máis adiante. Neste momento propoñémosvos aproveitar esta identificación do Camiño de Santiago coa Vía Láctea para que desenvolvedes co voso alumnado un obradoiro de astronomía, vinculando novamente os contidos curriculares co programa formativo. O obradoiro pode enfocarse de varias formas, así que o deixamos á vosa elección:

- un enfoque científico, descubrindo o sistema solar: composición, movementos, características, ...
- un enfoque especializado en cartografía, orientación, coordenadas xeográficas, fusos horarios, ...
- un enfoque práctico, construíndo instrumentos varios (sextantes, telescopios básicos...) ou modelos (planisferios, etc.)
- un enfoque máis histórico, coñecendo distintas teorías cosmolóxicas e a evolución dos coñecementos astronómicos a través da historia, relacionándoo cos seus pioneiros.
- ou un último enfoque máis poético, explorando o universo e a antigüidade cos nomes e lendas asociados a moitas estrelas e constelacións.

Sexa cal sexa o enfoque, tratade o tema do Camiño das Estrelas que vos trouxo ata aquí.

Proposta III: Espazo humano

O patrimonio arquitectónico relacionado co Camiño de Santiago é un dos seus elementos máis significativos... nalgunhas das localidades polas que pasa.

Por este motivo, propómosvos amosar ao grupo unha serie de imaxes de monumentos vinculados ao Camiño de Santiago. A medida que as vexan, poderán ir recoñecendo lugares conectados con el. De novo, traballamos a idea de como o patrimonio cultural identifica unha localidade (algunhas destas imaxes podedes conseguilas seguindo a nosa conta de Instagram do programa formativo).

Presentámosvos as seguintes ideas, mais podedes adaptalo ás vosas necesidades:

A Catedral de Santiago de Compostela / A ponte románica de Puente La Reina / A praza do Obradoiro / Mosteiro de San Millán de Yuso / A catedral de Burgos / Cidadela de Jaca /
Mosteiro de Santo Toribio

Outros elementos interesantes para amosar ao grupo poderían estar relacionados con outro tipo de patrimonio que non sexa arquitectónico:

Praias ou espazos naturais excepcionais / Portos / Hórreos / Torta de Santiago /
Pórtico da Gloria / Vieiras / Frechas amarelas / ...

Lembrete que a idea a transmitir con esta dinámica é que o patrimonio cultural forma parte dos elementos que conforman a nosa identidade ao exterior.

Proposta IV: A nosa contorna

Coñeces ben a túa localidade? Como che gustaría que fose?... Non só o patrimonio máis coñecido é o máis relevante. Hai moitos outros espazos nas nosas localidades cos que nos relacionamos e son importantes para o noso día a día: barrios concretos en grandes urbes, parques, espazos culturais, centros educativos, lugares de traballo, zonas de lecer e deporte, etc. Valorar estes espazos é outro xeito de valorar o noso patrimonio e descubrir como melloralos é a nosa responsabilidade como cidadáns. Vexamos que impresión deles ten o grupo.

Comentamos no inicio que a identidade é o conxunto de aqueles trazos propios que nos caracterizan fronte aos demais. Polo tanto, imos describir a nosa localidade, xa que tamén está viva e vai mudando.

Antes de comezar, animámosvos a que propoñades ao grupo que a fotografe durante varios días para captar como é. Unha vez teñamos as fotografías, imos traballar en grupo:

- Como é esa localidade? Comecemos cos atributos máis relevantes: aspecto, fisionomía, etc. Hai algo que o faga especial? Que impresión levaría alguén que non a coñece e só a visita uns minutos?
- Deteñámonos agora en detalles. Pensade na vosa localidade. Características e particularidades (grande ou pequena, mar ou montaña, pulcra ou deixada, contaminada ou limpa, etc.) nas súas imperfeccións, etc.

Analicemos os detalles: hai algún que nos permita saber ou imaxinar algo máis da nosa localidade? Polo tipo de zona urbana, os seus comercios e industria, os seus edificios, etc., é posible que descubramos detalles dos seus habitantes. A arquitectura dinos como é a forma de vivir nela.

- Describide casas de diferente tipoloxía: de pedra, de palla ou adobe, brancas, vermellas, negras, xanelas grandes, fachinelos, por que? Condiciónao o medio: composición do solo, frío-calor, forma de vida (con gando, etc.)

Como exemplo de patrimonio cultural relevante, que amosa a adaptación do ser humano ás condicións hostís do medio, destacámosvos as Pallozas do Cebreiro, que contan coa consideración de ben de interese cultural no Camiño de Santiago Francés.

O Cebreiro, na provincia de Lugo, é o primeiro núcleo do Camiño Francés que atopan os peregrinos na súa entrada en Galicia, nel consérvanse catro pallozas coas súas características construtivas orixinais.

- Última cuestión: que che parece en conxunto? Que cousas das que describiches che gustan máis e cales menos? Que mudaría desda localidade para que fose perfecta?

Igual que unha persoa pode mudar de aspecto co tempo, pensaron que unha localidade pode mudar? De quen depende? Podemos finalizar describindo a nosa cidade ideal, por que lles gusta e que poderíamos facer para conseguila.

Moitas das fotografías que tomaron servirán para unha proposta que vos presentamos na «Ficha patrimonio e memoria», sobre como mudan as localidades.

Proposta V: Patrimonio europeo

«Europa naceu na peregrinación», e non o dicimos nós... É unha frase que se atribúe ao escritor alemán Goethe. Vainos servir como punto de partida para que o voso alumnado reflexione sobre o seu significado e posteriormente desenvolva un labor de busca para comprobar que hai de realidade.

Que pensan que se agocha detrás dela?

Nela sinálase o papel do Camiño de Santiago como vehículo de transmisión da cultura que nos une aos europeos. A rede de rutas que formaba o Camiño de Santiago por todo o continente desenvolveu o intercambio cultural e económico entre as xentes. O intercambio non só era de mercadorías, senón de coñecemento, transmitindo os peregrinos o seu saber duns a outros tanto á ida como á volta da súa viaxe a Compostela, o que contribuíu enormemente ao entendemento e a concordia entre os primeiros peregrinos europeos.

En que cren que se reflicte ese intercambio cultural?

Estas viaxes favoreceron un xeito de pensar común, e os valores comúns comezaron a reflectirse na arquitectura, especialmente nas catedrais, centros da vida urbana. Repararon en como este patrimonio arquitectónico que marca o Camiño se parece e pode atoparse en diferentes países de Europa? A través do Camiño de Santiago difundíronse o románico e o gótico, sinais de identidade da cultura Europea.

De feito, o estilo románico converteuse na primeira lingua común europea. A «primeira» Europa, que se remonta á Idade Media, fixo seus os valores que seguen unindo o continente hoxe en día: a diversidade e a comprensión recíproca entre as culturas.

Poderían destacar outros elementos patrimoniais que sexan comúns a outros países europeos?

Propoñémosvos que investiguen algúns deses elementos e que valores transmiten. Podedes descubrir moitos na web dos **Itinerarios Europeos Culturais** que vos indicamos na ficha, que son sinónimo de concordia, tolerancia, entendemento e coñecemento.

Por último, hoxe en día que outros elementos culturais consideran que nos unen e identifican a todos os europeos? Como se transmiten? Que valores proporcionan?